



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 12 de agosto de 2021**, adoptou o seguinte acordo:

9.- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DOS “INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI”. EXPTE. 18274/77.

Visto o informe de fiscalización do 04/08/21 e o informe xurídico do 06/08/2021, dáse conta do informe-proposta de data 03/08/21, asinado pola técnica de xestión (Resolución do concelleiro-delegado de Cultura e Emprego do 27/07/21), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local (XGL) en sesión ordinaria do 19 de novembro de 2020, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, acordou:

1.- Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado “VIGO CAPACITA VI”, mediante resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego “VIGO CAPACITA VI”, conforme aos criterios establecidos na referida Orde de 27 de decembro de 2019.

II. Dito acordo foi rectificado no punto primeiro, na sesión ordinaria do 1 de xullo de 2021 da Xunta de Goberno Local, por non estar recollido o importe de 30.000€ de incentivos a contratación, quedando redactado do seguinte xeito:

Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado “VIGO CAPACITA VI”, mediante resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 1 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

alumnado, así como a cantidade concedida de 30.000 euros para incentivos á contratación laboral dos participantes no Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VI".

III. O concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá o 2 de xuño de 2021 resolveu, logo do informe de necesidade da xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, iniciar o procedemento para a aprobación das bases reguladoras e a convocatoria das subvencións para a concesión dos Incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego Vigo Capacita VI (expte 18274/77).

IV. No expediente consta a seguinte documentación:

-Resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia do 17 de novembro de 2020 na que se concede a subvención para o obradoiro dual de emprego "VIGO CAPACITA VI".

- Acordo da Xunta de Goberno Local de 1 xullo de 2020 que rectifica o anterior de 19 de novembro de 2020 por non estar recollido o importe de 30.000€ dos incentivos á contratación dos participantes no obradoiro.

- Bases reguladoras, convocatoria das axudas, extracto e os modelos de formularios (Anexos I a V) asinados pola técnica de xestión por ausencia da xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 10 de xuño de 2021 co conforme dos concelleiros delegados de Cultura e Emprego e o de Facenda e Orzamentos.

V. Polo servizo de Intervención se detectaron os seguintes erros:

a) Artigo 9.2 das bases da convocatoria: débese eliminar o último inciso do parágrafo ("*que aparte dos tres alumnos/as sobre os que se vai a recibir a axuda contrate a mais alumnado do obradoiro, etc.*"), xa que, na convocatoria, non existe límite algún en canto ao número de alumnos/as a contratar.

b) O informe proposta e as bases non indican a aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto, isto é:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN PARTIDA	CRÉDITO
2410..470007	AXUDAS CONTRATACIÓN OE "VIGO CAPACITA VI"	30.000,00€

Polas razóns anteditas, se corrige a proposta (engádese apartado IV) e as bases da convocatoria (engádese Artigo 4 "Contía total e crédito orzamentario" e elimínase último inciso do artigo 9.2) segundo as indicacións do servizo de Intervención, quedando modificada a numeración do articulado das ditas bases.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I. OBXECTO DO EXPEDIENTE

O obxecto deste expediente consiste na aprobación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a concesión dos Incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego Vigo Capacita VI.

Segundo se indica nas bases obxecto de informe, estas axudas teñen como beneficiarias as persoas empregadoras e as empresas/ entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, cúa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 2 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, no ámbito da hostelería, e que contraten traballadores ou traballadoras por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

Estas contratacións temporais, durante un mínimo de 3 meses a xornada completa, incentivaranse cunha contía fixa de 1.500€ por cada traballador sendo o número máximo de incentivos a conceder de 20 en total.

A finalidade última destas axudas é promover a inserción laboral das persoas participantes nos obradoiros, mediante contratos laborais temporais en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de beneficiarios de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

III. NORMATIVA APLICABLE :

Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 3 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LSG). Lémbrese, en todo caso, que –segundo o Art. 17.2 da LXS- as bases deberán aprobarse no marco das Bases de execución do Orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2021 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG); a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

No presente suposto ten unha especial importancia o disposto na Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2021 do Concello de Vigo é de 30.000 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700007 denominada “Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI”, de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

V. BASES REGULADORAS

As bases reguladoras teñen como finalidade, de conformidade co previsto no capítulo IV “Incentivos á Contratación” da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG 22-01-2020), a determinación do sistema, procedemento, para a concesión dos incentivos á contratación dos alumnos-traballadores do Obradoiro de Emprego.

No apartado 2 do artigo 15 da Orde do 27 de decembro de 2019, establece o seguinte:
“Porase a disposición na sede electrónica un anexo V como modelo orientativo de convocatoria.”

As bases propostas seguen o modelo orientativo elaborado pola Consellería de Emprego, Igualdade e reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 4 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

Todos estes contidos estímense conformes ao interese público e ao ordenamento xurídico e suficientes , xunto co resto de documentación que consta no expediente , para o fin pretendido.

VI. PUBLICIDADE:

As bases publicaranse no BOP e a convocatoria se remitirá a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que remitirá un extracto da mesma ao BOP de acordo co establecido no art. 20.8.a) da LXS.

Así mesmo as subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo , da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados, de conformidade co art. 20.8.b) da LXS.

Tamén se recolle a publicación das bases, da convocatoria e dos beneficiarios na web do Concello de Vigo -portal de transparencia- de conformidade co art.8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na oficina de información do Concello de Vigo e na propia oficina administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego.

VII. ÓRGANO COMPETENTE:

A competencia para aprobar as bases, a convocatoria o extracto da mesma correspóndelle a **Xunta de Goberno Local**, a proposta do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá nos termos das delegacións competencias efectuadas ao mesmo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. g) da LBRL, **previa fiscalización da Intervención Xeral** do Concello (artigos 9 da LXS e 6 da LGS e 214.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras dos incentivos á contratación por conta allea dos alumnos-traballadores do Obradoiro Dual de Emprego VIGO CAPACITA VI” e os modelos de formularios oficiais que se xuntan como Anexos ao presente acordo.

SEGUNDO: Aprobar o gasto por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700007 denominada “Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2021.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Incentivos á contratación por conta allea dos alumnos-traballadores do Obradoiro Dual de Emprego VIGO CAPACITA VI” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo dun mes (1mes) para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 5 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI BASES REGULADORAS

ÍNDICE

- ARTIGO 1. FINALIDADE E DURACIÓN DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA.**
- ARTIGO 2. ENTIDADES BENEFICIARIAS DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN.**
- ARTIGO 3. CONTÍA DOS INCENTIVOS.**
- ARTIGO.4. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**
- ARTIGO 5. EXCLUSIÓNS. EXCLUÉNSE DOS BENEFICIOS REGULADOS NESTE PROGRAMA.**
- ARTIGO 6. PRAZOS E SOLICITUDE**
- ARTIGO 7. XUSTIFICACIÓN E PAGO**
- ARTIGO 8. OBRIGACIÓNS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.**
- ARTIGO 9. COMPETENCIA.**
- ARTIGO 10. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN, INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN.**
- ARTIGO 11. RESOLUCIÓN E RECURSOS.**
- ARTIGO 12. INCOMPATIBILIDADES E CONCORRENCIA**
- ARTIGO 13. PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN E REINTEGRO.**
- ARTIGO 14. DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA SUBVENCIÓN.**

ANEXOS

- ANEXO I. SOLICITUDE**
- ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA**
- ANEXO III. DECLARACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS**
- ANEXO IV. AUTORIZACIÓN CONSULTA DE DATOS**
- ANEXO V. XUSTIFICACIÓN**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 6 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI BASES REGULADORAS

Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

- Os incentivos á contratación temporal por conta allea obxecto da presente convocatoria teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e a ocupabilidade das persoas participantes no OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VI", número de EXPTE.: 36/00024/2020, proxecto mixto de formación e emprego promovido polo Concello de Vigo e financiado a través da convocatoria 2020 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade.
- A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.
- A xornada da contratación temporal será a *tempo completo*.

Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas/ entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, en concreto cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0108) e Servizos de Restaurante (HOTR0208) no ámbito da hostalería, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incurso nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

Artigo 3. Contía dos incentivos.

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 7 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 20 en total.
3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.
4. Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Artigo 4. Contía total e crédito orzamentario

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2021 do Concello de Vigo é de 30.000 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700007 denominada "Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI", de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Artigo 5. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa.

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 6. Prazos e solicitude.

1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e **rematará no prazo dun mes (1 mes), entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 8 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,
- Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.
- As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I- Solicitude, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:
 - Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
 - Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, incluída no Anexo I - Solicitude.
 - Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

Artigo 7. Xustificación e pago.

- De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación a presentar é a seguinte:

- Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do Anexo V – Xustificación.
- Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.
- Documentación xustificativa das altas, e no seu caso baixas, dos traballadores/as con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de ao menos de 3 meses, a xornada completa.
- Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o Concello poidera requirir á empresa/ entidade beneficiaria da axuda.

- Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artigo 8. Obrigacións das entidades beneficiarias.

- Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego, e dicir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 9 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de Profesionalidade de Cociña (HOTR0108) e Servizos de Restaurante(HOTR0208) no ámbito da hostalería.

2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa/entidade deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora do obradoiro dual de emprego, e dicir, ao Concello de Vigo, no prazo de sete días hábiles desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extingábase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego correspondente na forma regulamentariamente establecida..

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigaón, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego (Concello de Vigo), levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 9. Competencia.

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá ao Concello de Vigo, como entidade promotora do obradoiro dual de emprego.

Artigo 10. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores/as dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. No caso de que se presenten un maior número de solicitudes de contratación que axudas concedidas, na súa valoración teranse en conta factores tales como que a empresa/entidade asinara previamente un compromiso de contratación do alumnado do obradoiro achegado co proxecto que o Concello presentou á Xunta de Galicia para solicitar a subvención (compromiso contemplado na Orde de convocatoria e que se puntúa na valoración do proxecto); que a empresa/ entidade solicitante contrate ao alumnado por un tempo superior aos tres meses.

3. Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de *minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 10 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Artigo 11. Resolución e recursos.

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.
3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dous días hábiles para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.
4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Os obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando se extingue a relación laboral coa persoa traballadora subvencionada antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

Artigo 14. Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 11 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 10:00	Páxina 12 de 12
SUBVENCIONS	CSV: A4A653-B5A881-833954-EHVDDC-E18KUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		